

Actividade 4.- Algoritmo desordenado con erros “Como plantar unha semente”

Enche o vaso con auga e mestúraa con terra para que quede ben húmida antes de plantar a semente.

Tapa a semente cunha capa grossa de terra para que non lle chegue a luz.

Escolle unha maceta ou un espazo no xardín con suficiente luz solar.

Regar a semente unha vez ao mes para que non se afogue.

Pon a maceta nun lugar escuro para que a semente descanse antes de empezar a medrar.

Planta a semente sobre a terra e preme con forza para que quede ben suxeita.


Co tempo, aparecerán as follas e a planta medrará, pero non hai que regala nunca máis despois do primeiro día.

Unha vez que o talo crece, cóbreo con máis terra para que teña máis apoio e quede firme.

Observa a planta e dálle coidados regulares, asegurándote de que sempre estea nun lugar sen luz directa.

Tarefa para o alumnado:

1. Identificar os erros no algoritmo.
2. Reordenar os pasos correctamente.
3. Corrixir os erros e escribir unha versión mellorada do algoritmo.



Erros e problemas a detectar:

Non se debe mesturar a terra con auga antes de plantar a semente.

A capa de terra sobre a semente debe ser fina, non grossa.

A semente necesita luz, non debe estar nun lugar escuro.

Regar unha vez ao mes é moi pouco; debe regarse con máis frecuencia pero sen afogar a planta.

A semente non se coloca enriba da terra, senón que debe enterrarse lixeiramente.

Unha vez que o talo crece, non se debe cubrir con máis terra, senón deixalo ao aire para que siga medrando.

A planta si necesita luz directa para crecer ben.